



## **ANEXO I: DOCUMENTACIÓN NECESARIA**

1. **Documentación xustificativa da situación familiar:**
  - a) Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte dos/as pais/nais, titores/as ou representante legal.
  - b) Libro/s de Familia ou, no seu defecto, outros documentos que acrediten oficialmente a situación familiar e Título de Familia Numerosa de ser o caso.
  - c) Volante de empadramento da unidade familiar só se reside en concellos limítrofes.
  
2. **Documentación xustificativa de ingresos:**

Declaración do IRPF ou, no caso de non estar obrigado/a a declarar, certificado negativo emitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ó exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural no que se presenta a solicitude, de todos os membros con ingresos que compoñen a unidade familiar (IRPF correspondente ao ano 2017).
  
3. **Documentación xustificativa da situación laboral:**
  - a) Última nómina, certificación de empresa ou vida laboral, no caso de persoas traballadoras por conta allea.
  - b) Último recibo do pagamento da cota á Seguridade Social no réxime especial de traballadores autónomos ou da correspondente mutualidade, no caso de persoas traballadoras por conta propia ou atónomas.
  - c) Certificación de ser demandante de emprego (con efectos dende o día anterior ao comenzo do prazo de presentación de solicitudes) no caso das persoas desempregadas.
  
4. **Outros documentos acreditativos de todas aquelas situacións que, por baremo, sexan susceptibles de puntuación:**
  - a) Certificado de discapacidade ou grao de dependencia alegada polos membros da unidade familiar.
  - b) Certificado médico no caso de enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar.
  - c) Informe do equipo de valoración e orientación da Consellería de Política Social sobre a necesidade de integración no caso de nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo.
  - d) Informe do organismo competente no caso de acollemento ou garda con fins adoptivos de nenos/as.
  - e) Documentación acreditativa de incidencias tales como separación ou divorcio, convenio regulador ou resolución xudicial que establezca as medidas paterno-filiais ou certificado administrativo de monoparentalidade.
  - f) Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero.
  - g) Informe dos Servizos Sociais do concello correspondente, no suposto de que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou por situacións especiais en que viva a unidade familiar.

A falta de presentación dalgún dos documentos recollidos nos apartados 2, 3 e 4 dentro do prazo de solicitude e emenda suporá a non valoración, na correspondente epígrafe do baremo, de calquera das circunstancias alegadas.